



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Física 1	Código	610G01003	
Titulación	Grao en Química			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Física e Ciencias da Terra			
Coordinación	García-Garabal Mosquera, Sandra María	Correo electrónico	sandra.garcia-garabal@udc.es	
Profesorado	Domínguez Pérez, Montserrat	Correo electrónico	montserrat.dominguez.perez@udc.es	
	García-Garabal Mosquera, Sandra María		sandra.garcia-garabal@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A disciplina da Física desempeña un papel de formación básica que permite o alumno afrontar o aprendizaxe doutras materias incluídas no plan de estudos. Así mesmo, a adquisición de coñecementos físicos básicos o capacitará para unha maior flexibilidade no desempeño das súas funcións profesionais así como para unha mellor adaptación ós novos avances tecnolóxicos aplicables no seu ámbito profesional, e que son consecuencia dos avances científicos. Os descritores son: Mecánica. Principios de termodinámica.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non hai modificacións. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen - proba obxetiva *Metodoloxías docentes que se modifican - Sesión maxistral: pasarían de híbrida a online (Teams). - Solución problemas: pasarían de híbrida a online (Teams). - Prácticas de laboratorio: realizaranse tratando unicamente os datos experimentais. Se lles facilitará o guión de cada práctica e os datos que terán que empregar para a súa resolución. Cada alumno deberá entregar no prazo establecido, unha memoria que recolla o traballo realizado e o tratamento pertinente dos datos. Previamente haberá unha sesión onde se explicará cómo realizar as prácticas e o tratamento de datos. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Tutorías individualizadas mediante encontros virtuais (Teams) 4. Modificacións na avaliación Modificacións: se as probas dun punto non poidesen ser presenciais na primeira oportunidade. A avaliación constaría tanto na primeira oportunidade como na segunda proba mixta (8.5 pto) + prácticas de laboratorio (1.5 pto). É preciso sacar un mínimo de 4 puntos na proba obxetiva para que se sume a calificación obtida nas prácticas de laboratorio. Para superar a materia é preciso acadar unha nota superior ou igual a 5 na suma de (proba obxetiva)+(prácticas de laboratorio). *Observacións de avaliación: As prácticas de laboratorio son obrigatorias e necesarias para superar a materia. Iso conleva a asistencia obrigatoria á sesión previa e a entrega da memoria que recolla o traballo realizado. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non hai modificacións.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Utilizar a terminoloxía química, nomenclatura, convenios e unidades.
A3	Coñecer as características dos diferentes estados da materia e as teorías empregadas para describilos.



A5	Comprender os principios da termodinámica e as súas aplicacións en Química.
A12	Relacionar as propiedades macroscópicas coas de átomos e moléculas.
A14	Demostrar o coñecemento e comprensión de conceptos, principios e teorías relacionadas coa Química.
A15	Recoñecer e analizar novos problemas e planear estratexias para solucionarlos.
A19	Levar a cabo procedementos estándares e manexar a instrumentación científica.
A20	Interpretar os datos procedentes de observacións e medidas no laboratorio.
A22	Planificar, deseñar e desenvolver proxectos e experimentos.
A23	Desenvolver unha actitude crítica de perfeccionamento na labor experimental.
A24	Explicar, de xeito comprensible, fenómenos e procesos relacionados coa Química.
A27	Impartir docencia en química e materias afíns nos distintos niveis educativos.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer os conceptos básicos de Física nas súas diferentes ramas: Mecánica e Termodinámica así como saber relacionar os conceptos físicos coa Química	A5 A12	B2	
Aplicar os coñecementos teóricos á resolución de problemas de física, orientados a fenómenos químicos	A3 A14 A15 A27	B1 B2 B4	C1 C3 C6
Aprender as técnicas básicas do Laboratorio de Física, así como aprender a medir e determinar magnitudes físicas fundamentais como poden ser o calor específico, o número de moles, ...	A1 A19 A20 A22 A23 A24	B3 B4 B5 B6 B7	C1 C3

Contidos	
Temas	Subtemas
1.Introducción.	Análise Dimensional. Análise vectorial.
2.Cinemática.	Conceptos de posición, velocidade e aceleración. Movemento Rectilíneo. Corpos en caída libre. Movemento de proyectís. Movemento Circular.
3.Dinámica.	Forzas e interaccións. Primeira Lei de Newton. Segunda Lei de Newton. Masa e peso. Tercera Lei de Newton. Aplicacións das Leis de Newton.
4. Estática	Condições de equilibrio. Principios da estática. Centro de masas. Centro de Gravidade. Momento de inercia. Problemas de Equilibrio.



5. Mecánica de Fluidos.	Densidade. Presión nun fluido. Flotación. Fluxo de fluidos. Ecuación de Bernoulli. Viscosidade e turbulencia. Fluidos reais.
6. Conceptos básicos de termodinámica. Temperatura.	Sistemas Termodinámicos, Variables Termodinámicas. Equilibrio termodinámico. Proceso Termodinámico. Principio cero da termodinámica. Temperatura. Medida da Temperatura. Escalas e termómetros.
7. Estudio dos gases. Ecuaciones de estado	Gases ideais. Ecuación dun gas ideal. Gases reais. Ecuación de Van der Waals. Teoría cinética dos gases.
8. Primer principio da termodinámica.	Calor e traballo termodinámicos. Diagrama P-V. Efectos da transmisión de calor. Enerxía interna. Primer principio de la termodinámica. Transformacións de los gases ideais.
9. Segundo principio da termodinámica.	Concepto de máquina térmica. Enunciados do Segundo Principio da Termodinámica. Ciclo de Carnot. Concepto de entropía.
Prácticas de Laboratorio	Determinación do equivalente en auga do calorímetro, calor específico de sólidos e líquidos. Coeficiente de dilatación. Termómetro de gas a temperatura constante. Determinación da densidade dun líquido. Tensión superficial. Balanza hidrostática.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas de laboratorio	A19 A20 A22 A23 A24 B3 B4 B5 B6 B7 C3	15	22.5	37.5
Sesión maxistral	A1 A3 A5 A12 A24 C6	25	50	75
Solución de problemas	A1 A3 A5 A12 A14 A15 A27 B1 B2 B4 C1	9	18	27
Proba obxectiva	A1 A3 A5 A15 B2 B3	2	4	6
Proba mixta	A1 A3 A5 A12 A14 A15 B2 C1	2	1	3
Atención personalizada		1.5	0	1.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Clases nas que se realizan prácticas de laboratorio, preténdese que o alumno aprenda a utilizar distinto instrumental de laboratorio, aprenda a calcular erros, e determinar datos mediante axustes de mínimos cadrados. Todo iso co fin de que adquira un sentido crítico que lle leve a unha análise científica do que está a realizar. Farase unha avaliación continua do traballo diario do laboratorio do alumno.
Sesión maxistral	Exposición de contidos por parte do profesor con pouca interacción do alumno. É eficaz para explicar temas complexos e transmitir información.
Solución de problemas	Formularanse unha serie de problemas relacionados cos temas do programa que han de ser resoltos polo alumno baixo a supervisión do profesor, en grupos máis reducidos que os das clases expositivas.
Proba obxectiva	Ao longo do curso se realizarán 4 probas de resposta múltiple a través do Teams dos contidos impartidos nas sesións maxistral e de problemas. Ó final de cada proba, o alumno deberá enviar un pdf coa resolución xustificada das preguntas da mesma.
Proba mixta	Proba teórico-práctica que permitirá avaliar os coñecementos adquiridos polo alumno durante o curso.

Atención personalizada



Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio Solución de problemas	<p>- Todos aqueles alumnos que o soliciten poderan ter un seguimento do seu aprendizaxe da materia , ben individualmente como por parellas, ademais das tutorías ás que xa ten dereito. Realizarase no despacho como resposta ás posibles dúbidas ou dificultades de aprendizaxe, formuladas directamente polo alumno.</p> <p>- A atención personalizada para aqueles alumnos que teñan recoñecido a dedicación a tempo parcial consistirá na asistencia (con horario flexible)a unha serie de citas no que o alumnado terá que resolver e defender unha serie de boletíns de problemas que se lle darán ó longo do curso. Deste modo poderase facer un seguimento individual da evolución do alumno na materia co fin de detectar e subsanar todas aquelas dificultades que o alumno poda encontrar no desenvolvemento da mesma.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio	A19 A20 A22 A23 A24 B3 B4 B5 B6 B7 C3	<p>A realización destas prácticas é OBRIGATORIA e polo tanto se non se realizan non se pode aprobar a materia.</p> <p>Dado que a asistencia a todas as sesións das prácticas de laboratorio é condición necesaria para ser avaliado, a non asistencia sen causa xustificada implica o non poder superar a asignatura. A realización das mesmas farase exclusivamente durante o calendario oficial previsto polo centro.</p> <p>Puntuarase cun máximo de 1.5 puntos sobre o 10 da nota total.</p> <p>O 1.5 repartirase do seguinte modo:</p> <ul style="list-style-type: none"> -1 punto corresponderase á avaliación do traballo diario no laboratorio. Para iso cada parella de prácticas deberá entregar un guión cos resultados obtidos, de cada unha das prácticas que realice, que en total serán 5. Cada práctica terá un valor máximo de 0.2. -0.5 puntos se corresponderán ca realización dun exame de prácticas que consistirá na repetición dunha das prácticas xa feitas. A realización do exame será condición NECESARIA para ser avaliado. <p>Con anterioridade á realización das prácticas darase unha sesión na aula para explicar erros, cálculos, axustes e análise de resultados que posteriormente se aplicarán no laboratorio. A non asistencia a esta clase, sen causa xustificada, supoñerá unha penalización na nota final de prácticas de 0.3 pts</p>	15
Proba mixta	A1 A3 A5 A12 A14 A15 B2 C1	<p>1ª oportunidade (Xaneiro)</p> <p>A proba mixta terá un valor asignado de 4.5 pts.</p> <p>A nota final será a suma da nota da proba mixta (máx 4.5 pto) + prácticas de laboratorio (máx 1.5 pto) + probas obxectivas (máx 4 pto) sendo imprescindible alcanzar unha puntuación de 5 puntos para superar a materia.</p> <p>2ª Oportunidade (xullo):</p> <p>A nota final da segunda oportunidade será consecuencia da suma da puntuación global de Prácticas de laboratorio (máx 1.5 pto)+ proba mixta (8.5 pto). A nota final será sobre 10 e a realización das prácticas é indispensable para aprobar a materia. Para superar a materia a suma de [(nota de prácticas (obrigatorias)) + (a proba mixta (sendo necesario alcanzar un mínimo de 4 puntos nesta última para que conte no cómputo global))] debe ser de 5 puntos.</p>	45
Proba obxectiva	A1 A3 A5 A15 B2 B3	<p>Constará de 4 probas obxectivas PRESENCIAIS de (máx 1 pto) que realizaránse ao longo do curso a través do Moodle , examinándose de distintas partes da materia impartida. Ao final de cada proba o alumno deberá enviar un pdf xustificando as respostas da mesma.</p>	40



Observacións avaliación

1-1ª Oportunidade (xaneiro): A nota final da primeira oportunidade será consecuencia da suma da puntuación global de Prácticas de laboratorio (máx 1.5 pto)+ proba obxetiva (4 pto) + proba mixta (4.5 pto). A nota final será sobre 10 e a realización das prácticas é indispensable para aprobar a materia. Para superar a materia a suma de [(nota de prácticas (obrigatorias)) +(nota da proba obxetiva)+ (nota da proba mixta)] debe acadar unha calificación total de 5 puntos. 2ª Oportunidade (xullo): A nota final da segunda oportunidade será consecuencia da suma da puntuación global de Prácticas de laboratorio (máx 1.5 pto)+ proba mixta (8.5 pto). A nota final será sobre 10 e a realización das prácticas é indispensable para aprobar a materia. Para superar a materia a suma de [(nota de prácticas (obrigatorias)) + (a proba mixta (sendo necesario alcanzar un mínimo de 4 puntos nesta última para que conte no cómputo global))] debe ser de 5 puntos. 2-A puntuación obtida nas prácticas de laboratorio conservarase para as oportunidades de xaneiro e xullo. 3- A realización das prácticas é OBRIGATORIA e polo tanto se non se realizan NON se pode aprobar a materia. 4-A calificación de NON PRESENTADO se reservara para aqueles alumnos que non se presenten a proba mixta oficial das oportunidades de xaneiro e xullo. 5- Todos aqueles alumnos que SE MATRICULEN A TEMPO PARCIAL terán a seguinte valoración: a) As prácticas de laboratorio de carácter obrigatorio (valor máximo 1.5 punto) b) A proba mixta (valor máximo de 8.5 puntos) Para superar a materia a suma de nota de prácticas (obrigatorias) máis a proba mixta (sendo necesario alcanzar un mínimo de 4 puntos nesta última para que conte no cómputo global) debe ser de 5 puntos. 6-Se concederá a calificación de "matricula de honra " prioritariamente ós alumnos que a obtiveron na primeira oportunidade.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Sears, Zemansky, Young y Freedman (varias ediciones). Física universitaria. Pearson addison wesley - Tipler Mosca (). Física. Reverte
Bibliografía complementaria	- Laura Abad Toribio, Laura Mª Iglesias (). Problemas Resueltos de Física General. Bellisco - S. Burbano de Ercilla, E. Burbano García, C. Gracia Muñoz (). Problemas de Física. Tébar - Gettys, Keller y Skove (). Física clásica y moderna. McGraw Hill - S.M. Lea y J.R. Burke Edición (). Física, la naturaleza de las cosas. Paraninfo

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Matemáticas 1/610G01001

Materias que continúan o temario

Física 2/610G01004

Observacións

É convinte ter noções de física e matemáticas a nivel de segundo de bacharelato, como son noções básicas de derivación e integración así como de xeometría. Ademais sería convinte que o alumno tivese tido un contacto previo en temas como Mecánica e Temodinámica manexando conceptos como forzas, enerxías, calor, traballo...

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías